

## **CARTA ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA**

**Venres, 3 de abril de 2020**

### ***Prezadas Familias:***

Hoxe, ás 14:00 h., enviaremos os boletíns informativos da segunda avaliación pola aplicación [Abalar Móbil](#). Lembrade descargala en [Google Play Store](#) ou [App Store](#). Lembrade que, dadas as actuais circunstancias, estas cualificacións son orientacións moi xerais do proceso educativo das vosas fillas e fillos ao longo deste trimestre. Relativizar, polo tanto, a súa importancia.

Por outra banda, mañá comezan unhas "atípicas" vacacións escolares de Semana Santa. A saúde é a referencia primordial. O equipo docente tamén aproveitará para tomar un descanso. De todos os xeitos, o equipo directivo estará de garda no correo do centro «[ceip.escultor.acunha@edu.xunta.es](mailto:ceip.escultor.acunha@edu.xunta.es)» para calquera incidencia ou dúbida salientable que puidera xurdir.

O equipo directivo notificará ás familias calquera noticia relevante que puidese comunicar a Administración Educativa sobre a planificación do terceiro trimestre e as súas posibles repercusións.

A [Aula Virtual](#) estará aberta pero sen atención titorial. De non mediar cambios, retomaremos a educación virtual **o martes, 14 de abril**.

Coidádevos moito.

***O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña***